4. Comprobación da indicación do manómetro con outro de referencia (patrón) axustado no racor de conexión da manguera.

b) Cada 5 anos:

1. A manguera debe ser sometida a unha presión de proba de 15 kg/cm².

O mantemento anual dos extintores e das BIE' S será levado a cabo pola empresa:

Extintores EXGAL , con dirección Nuestra señora de la Saínza, nº 24 Baixo, 32005 Ourense e cos

teléfonos de contacto:

988 – 092 – 485

667 – 499 – 986

DOCUMENTO III: PLAN DE ACTUACIÓN

CAPÍTULO 6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.

6.1 Identificación e clasificación das emerxencias.

Seguindo os criterios establecidos en plans de Protección Civil, establécense os seguintes tipos de emerxencia:

- Preemerxencia
- Emerxencia parcial
- Emerxencia xeral

En función do tipo de risco, atopamos os seguintes tipos de emerxencias:

1. Riscos Naturais.

Risco de inundacións.

- A preemerxencia comezará cando o Servizo de Protección Civil que corresponda declare a situación de alerta.
- Non existe emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a inundación

Risco sísmico.

- Non existe preemerxencia nin emerxencia parcial xa que este fenómeno non é predicible.
- A emerxencia xeral é sempre a terremoto pasado, e tomaranse medidas reparadoras.

Riscos meteorolóxicos (ou climáticos).

- A preemerxencia comezará cando o Servizo de Protección Civil declare a situación de alerta.
- Non adoita existir emerxencia parcial.
- A emerxencia xeral iníciase cando empeza a materializarse a previsión meteorolóxica, (calor, vento, choiva,...).

2. Riscos Tecnolóxicos.

Riscos industriais.

- A preemerxencia sobrevirá despois de calquera incidente que non poida ser controlado.
- A emerxencia parcial dependerá da evolución da preemerxencia e da configuración do establecemento.
- A falta de control da emerxencia nun lugar determinado levará á emerxencia xeral.

Riscos en Transporte de mercadorías perigosas (TMP)

Debe considerarse o risco debido a proximidade a unha ruta de TMP

3. Riscos Antrópicos.

Risco de incendio.

- A preemerxencia son todos os conatos de incendio,
- A emerxencia parcial prodúcese si non se domina o conato e existen sectores ou edificios diferenciados.
- A emerxencia xeral iníciase cando o incendio excede do sector ou edificio onde se produciu o conato inicial.

6.2 Procedementos de actuación ante emerxencias.

Neste, ao ser un centro pequeno, con 3 mestres/as fixos e na actualidade con dous provisionais; a maioría de actuacións recaerán sobre o este profesorado definitivo xa que dado á estabilidade que dan ao centro a formación que realicen en Emerxencias e o coñecemento do Plan de Actuación ante emerxencias garantirá a continuidade e o éxito do mesmo.

a) Detección e Alerta.

Ao non contar con mecanismos automáticos de detección de alarmas será a través da detección humana.

No caso de que calquera membro da comunidade educativa, alumnado, profesorado, persoal laboral, etc. detecte unha situación de emerxencia porase en coñecemento, polo medio máis

rápido e eficiente (sen poñer en risco a integridade física da persoa), de calquera das persoas que a continuación se detallan:

EN CASO DE DETECCIÓN E ALERTA AVISAR A:

RUBÉN FEBRERO QUINTAIROS

IRENE DOMÍNGUEZ COUTO

BEGOÑA CONDE RODRÍGUEZ

Calquera destas persoas coñecerá o xeito de proceder ante unha situación de Alerta, e sempre que sexa posible, antes de actuar comunicará a situación ao Xefe de Emerxencia: Rubén Febrero Quintairos

b) Mecanismos de Alarma.

En caso de que a situación de emerxencia o demande, o Equipo de Alarma e Evacuación por medio da serea do centro procederá a emisión dun son característico que a Comunidade Educativa coñecerá de antemán indicando a necesidade de evacuar o edificio.

5 toques curtos e seguidos 3 segundos sen tocar e outros 5 toques curtos e seguidos

5 – 3 - 5

b.1) Identificación da persoa que dará os avisos.

Os avisos á Comunidade Educativa será, como queda recollido no punto anterior, a través da serea do centro do xeito explicado.

Este aviso será dado por calquera das persoas do Equipo de Alarma e Evacuación sempre que o ordene o Xefe de Emerxencias: Rubén Febrero Quintairos

EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN

RUBÉN FEBRERO QUINTAIROS

SORAYA MIRANDA ALVAR

BEGOÑA CONDE RODRÍGUEZ

O aviso ás Axudas Exteriores farao calquera membro do Equipo de Alarma e Evacuación por vía telefónica, sempre que sexa posible, dende o Centro de Control que quedará situado no despacho de dirección e unha vez que así o indique o Xefe de Emerxencias

b.2) Identificación do Centro de Coordinación de Atención de Emerxencias de Protección Civil.

Como sinalamos no punto anterior o Centro de Control quedará situado no despacho de dirección do centro, na planta baixa enfronte á entrada principal atravesando o vestíbulo.

A primeira chamada sempre será ao 112 e agardaremos instrucións dos operadores deste servizo.

Non se realizarán chamadas persoais nin se atenderán chamadas do exterior que non estean relacionadas cos equipos de emerxencias (bombeiros, ambulancias, protección civil...) de recibir calquera outro tipo de chamada pediremos que deixen a liña libre e colgaremos.

O Xefe de Intervención manterá actualizadas as listaxes de teléfonos de emerxencia; dispoñibles e visibles para calquera membro da Brigada de Emerxencias.

A persoa que sexa designada para operar dende o centro de Control atenderá en todo momento as indicacións do Xefe de Emerxencias e, de ser o caso, transmitirá ao mesmo as indicacións dadas por teléfono por parte das Axudas externas de Emerxencias.

c) Mecanismos de resposta fronte á emerxencia.

O noso ao ser un centro pequeno todo o persoal fixo (mestres/as e persoal laboral) pertencerán á Brigada de Emerxencias e estará formado no protocolo de emerxencia. Aqueles/as mestres/as que son itinerantes recibirán a formación necesaria ao principio de curso para coñecer os protocolos a seguir en caso de emerxencia e seguirán en todo momento as indicacións do Equipo de Alarma e Evacuación.

De ser Necesaria a Intervención, o equipo acudirá á zona onde se precise para valorar a idoneidade da intervención ou non, de ser preciso e recomendable a Intervención, unha vez controlada a situación procederase á valoración e atención de feridos en caso de habelos.

No caso de non ser posible levar a cabo esa primeira intervención procederase a dar a Alarma e á Evacuación, axudados polo resto da Brigada de Intervención así como á atención de feridos/as (en caso de habelos/as)

d) Evacuación e/ou Confinamento.

No caso de que a Emerxencia o precise (principalmente por incendio), e sempre que o Equipo de Primeira Intervención non sexa quen de controlar a situación, valorarase a idoneidade ou non da evacuación, sempre baixo a recomendación do Xefe de Emerxencia e co apoio do Xefe de Intervención.

En caso de que o lume afecte a zonas de paso ou percorridos de evacuación e o alumnado non poda evacuar teranse en conta os seguintes puntos:

- O alumnado quedará confinado na aula correspondente.
- De ser posible poremos papel húmido polo fondo da porta de acceso á aula para evitar a entrada de fume.
- Trataremos de andar anicados para respirar a menor cantidade de fume.
- Se podemos mollaremos un pano e respiraremos a través del.
- Agardaremos indicacións e trataremos de manter a calma.

En caso de producirse unha Emerxencia por Fenómenos Meteorolóxicos adversos tamén quedaremos confinados nas respectivas aulas ou calquera outra instancia común; pero sempre no interior do centro. Se as condicións son moi adversas situarémonos lonxe das fiestras e, se é posible, coas persianas baixadas.

En calquera outro tipo Emerxencia que o Xefe de Emerxencia considere ou da que reciba indicacións específicas por parte das Axudas externas de Emerxencia seguiranse as indicacións deste.

No caso de producirse a evacuación **o punto de Reunión** quedará situado na beirarrúa de acceso ao centro á altura do invernadoiro.

Os percorridos de evacuación quedan recollidos nos planos distribuídos por plantas que se colocarán en cada aula así coma en cada zona común e serán explicados a todo o alumnado e a todo o persoal.

A principal vía de saída é a través da porta principal para a práctica totalidade do alumnado (sempre que sexa posible).

De estar o alumnado nos aseos da planta baixa, no comedor ou na “Aula Madrugadora” (Antigo laboratorio) a saída será a través da porta do patio cuberto.

A cociñeira ou persoal que se atope na cociña terán a saída de referencia pola porta exterior da cociña. Antes de abandonar a cociña, na medida que sexa posible, deixará cortada a chave de paso do gas.

No caso de haber feridos que non podan desprazarse polos seus propios medios avisarase ao Xefe de Emerxencias para valorar como proceder.

No Centro de Control haberá unha listaxe con todo o alumnado e persoal do centro para pasar o control pertinente no punto de Reunión.

Os membros do Equipo de Alarma e Evacuación comprobarán que o edificio foi evacuado e informarán no Centro de Control calquera incidencia durante o desaloxo, que unha vez informado comunicarán ao Xefe de Emerxencia a situación.

Actualmente no centro non hai alumnado con impedimentos físicos para realizar a evacuación, si temos que ter en conta un alumno de infantil que polas dificultades que presenta precisa dun/ha coidador/a para a realización de determinadas necesidades. En caso de evacuación o/a coidador/a será a persoa que en todo momento asista e guíe a este alumno durante a mesma.

No caso de que algún membro da Comunidade Educativa presente algún tipo de impedimento físico temporal (por accidente, etc.) será acompañado polos membros das Brigadas de Intervención durante a evacuación.

Calquera incidencia durante o proceso de evacuación será transmitida ao Centro de Control, e este o transmitirá ao Xefe de Emerxencia que valorará e tomará as medidas a seguir con axuda do Xefe de Intervención.

INSTRUCCIÓNS de EVACUACIÓN

1. Manter a calma.
2. Comezar a evacuación cando se de o sinal de alarma.
3. Obedecer instrucións do E. A. E.

4. Evacuar a zona en orde, sempre as aulas mais próximas as escaleiras no primeiro lugar e as plantas inferiores antes as superiores.
5. Realizar a evacuación en silencio.
6. Si a vía de evacuación está chea de fume, selar o acceso e esperar as axudas exteriores.
7. Si cando soa o sinal de evacuación non se está no seu lugar habitual, deberase unir ao primeiro grupo que se vexa e dar conta desa circunstancia no punto de reunión.

PROHIBICIÓNS durante a evacuación

1. Separarse do grupo evacuado.
2. Deixar ocos nas filas de evacuación.
3. Levar vultos ou similares.
4. Correr.
5. Empuxarse e atropelarse.
6. Deterse.
7. Retroceder por algo ou por alguén.
8. Utilizar os ascensores.
9. Abandonar os puntos de reunión até nova orde.

NORMAS XERAIS

1. En xeral, axudarse uns a outros.
2. Transportar aos impedidos dunha maneira eficaz.
3. Dirixir e axudar con especial atención aos discapacitados.
4. Comunicar ao E. A. E. as incidencias observadas na evacuación.
5. Parar e desconectar as máquinas que se estean utilizando.

OUTRAS ORIENTACIÓNS:

INSTRUCCIÓNS ORIENTADAS AO PROFESORADO

1. Todo o profesorado debe coñecer as normas xerais de evacuación.
2. Cada titor/a debe informar ao seu alumnado do que é un plan de evacuación e dos obxectivos que se propón co mesmo. Así mesmo, deberá dar a coñecer as normas de actuación da aula en caso de emerxencia e de conciencialos da importancia que ten seguir as normas.

3. Cada profesor responsabilizárase do alumnado ao seu cargo nese momento, e realizará as actuacións correspondentes á aula na que se atopa no momento de soar a alarma. Estas actuacións, estarán xunto co plano de evacuación de centro, onde aparecerán as vías de saída e puntos de reunión (porta da aula).
4. O profesorado que se atope en dependencias administrativas, sala de mestres, biblioteca, sala de informática, orientación ou calquera outra dependencia sen acompañamento de alumnado ou profesorado de garda, terá que dirixirse as saídas de emerxencia para axudar en canto sexa preciso.
5. O alumnado con minusvalías ou dificultades motóricas, se o houberse, baixará en último lugar co profesorado (coordinadores de planta) encargado de revisar aulas e servizos.
6. O profesorado que se atope no patio cuberto (Ed. Física) fará o reconto do alumnado e dirixirse ao punto de reunión, terá que asegurarse de que non quede alumnado nos baños da planta baixa. (informará finalmente, ao coordinador xeral).
7. O punto de reunión para todo o alumnado, profesorado e persoal non docente será na pista de acceso ao centro onde o Invernadoiro, onde permanecerán ata que remate a emerxencia, onde de novo se avisará cun toque longo de chifro para volver ás aulas.
8. Deberán comprobar que as aulas ao seu cargo queden valeiras, deixando portas e fiestras pechadas.(Coordinador planta)

INSTRUCCIÓNS ORIENTADORAS PARA O ALUMNADO.

1. Cada grupo deberá actuar sempre de acordo coas instrucións do seu profesor, en ningún caso deberá tomar iniciativas propias.
2. Non se recollerán obxectos persoais, co fin de evitar obstáculos e demoras.
3. A saída realizarase axiña, pero sen correr, sen atropelar nin empuxar a outros alumnos.
4. Non deberán deterse cerca das portas de saída.
5. Deben pechar as portas, sen chave, para evitar correntes de aire.
6. Baixar as escaleiras en fila pola dereita segundo corresponda e NUNCA POLO CENTRO
7. De atoparse nos aseos deberán incorporarse con rapidez ao grupo ao oíren o sinal de emerxencia.
8. Deberán permanecer sempre unidos ao seu grupo sen adiantarse, incluso cando estean no punto de encontro cos demais grupos, permanecerán en filas tal como foron colocados, ata novo aviso.

DOCUMENTO IV: IMPLANTACIÓN

7.1 Os protocolos de notificación da emerxencia.

Se así o indica o Xefe de Emerxencias, unha vez avaliada a situación, procederase a chamada aos Servizos de Axuda exterior de Emerxencias.

En xeral, primeira chamada que realicemos será ao 112 e dende o Centro de Control seguiremos as súas indicacións tratando de deixar a liña sempre libre.

Se a emerxencia é Médico-sanitaria e así o indica o xefe de Emerxencias chamaremos ao 061

7.2 A coordinación entre a dirección do Plan de Emerxencia e a dirección do Plan de Protección Civil onde se integre o Plan de Emerxencia.

Este Plan será posto en coñecemento da Agrupación Local de Protección Civil da comarca do Carballiño.

A dirección da mesma é:

Avda. 25 de xullo, nº 4, 32500, O Carballiño

Tfno: 988270054

Unha vez solicitada a axuda dos Servizos de Axuda Exterior cando cheguen ao centro serán informados polo Xefe de Emerxencias e tomarán o control e resolución da emerxencia. Sendo, a partir dese momento, os encargados de activar e de organizar, se fose necesario, o protocolo ou Plan de Protección de Ámbito Civil de Ámbito Local.

7.3 As formas de colaboración da Organización de Emerxencia cos plans e as actuacións do sistema público de Protección Civil.

A colaboración entre a organización de Emerxencia do establecemento e o sistema público de Protección Civil pode ser variada e débese establecer neste apartado.

A colaboración pode ser bidireccional, de Protección Civil co Establecemento e do Establecemento con Protección Civil.

Como exemplo poden citarse as seguintes:

- De Protección Civil co Establecemento:
 - Asesoramento na implantación.
 - Colaboración na formación, tanto teórica como práctica.

Así solicitaremos unha formación e capacitación do persoal do centro en canto a:

- os primeiros auxilios aos accidentados.
- as técnicas básicas de RCP.
- o transporte de feridos.
- A teoría do lume.
- Tipos de lumes
- Mecanismos de extinción
- Os axentes extintores.
- Os equipos de loita contra incendios.
- Prácticas con lume real.

Trataremos de realizar esta formación en sesións a principios de setembro, preferiblemente antes do inicio das clases co alumnado e , principalmente se hai moito profesorado novo con respecto a outros cursos escolares.

- Do Establecemento con Protección Civil:
 - Inspeccións do establecemento para coñecelo.
 - Coñecemento dos equipos instalados no mesmo.
 - Participación nos simulacros para lograr unha coordinación efectiva.

Cando se fala de Protección Civil hai que referirse ao Sistema Público de Protección Civil que, como xa se indicou no apartado anterior, cada Entidade Local é autónoma para organizar os seus Servizos de Axuda Exterior como mellor lle interese en función dos recursos cos que conta.

CAPÍTULO 8. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA.

8.1 Identificación do responsable da implantación do Plan.

O responsable da Implantación do Plan de Emerxencia é o Director do centro: Rubén Febrero Quinteiros, que ao mesmo tempo é o Xefe de emerxencias.

Hai que ter en conta que todo o persoal directivo, os mandos intermedios, técnicos e traballadores teñen que participar para conseguir a implantación do Manual de Emerxencia e os fins do mesmo. (Lei 31/95, art. 20).

8.2 Programa de formación e capacitación para o persoal con participación activa no Plan de Emerxencia.

Hai que realizar unha formación dos integrantes da Brigada de Emerxencias.

Os programas concretos determinaranse en función do perigo do centro e da resposta que se quere obter.

Serán impartidos preferentemente por profesionais ou especialistas de cada unha das materias.

Trataremos de levar a cabo esta formación en colaboración co persoal de protección Civil da Comarca do Carballiño. **(Ver apartado 7.3)**

A formación do Equipo de Primeiros Auxilios centrarase en:

Por parte do Xefe de Emerxencias:

- Sinalización
- Coñecemento do Plan.

Por parte de Protección Civil:

- os primeiros auxilios aos accidentados.
- as técnicas básicas de RCP.
- o transporte de feridos.

A formación do Equipo de Primeira Intervención centrarase en:

Por parte do Xefe de Emerxencias:

- Sinalización.
- Coñecemento do Plan.

Por parte de Protección Civil e Bombeiros Comarcais:

- A teoría do lume.
- Tipos de lumes
- Mecanismos de extinción
- Os axentes extintores.
- Os equipos de loita contra incendios.
- Prácticas con lume real.

8.3 Programa de formación e información a todo o persoal sobre o Plan de Emerxencia.

Todo o persoal coñecerá o Plan, en liñas xerais.

Na reunión informativa para todo o persoal do establecemento, darase a coñecer o Plan de Emerxencia do establecemento e explicaranse as funcións de cada membro da Brigada de Emerxencias.

A información sobre o Plan aos usuarios do establecemento realizarase en sesións informativas a realizar:

- 1ª sesión.....O terceiro día logo do comezo do curso, antes da incorporación do alumnado.
- 2ª sesión.....En función da asignación do profesorado itinerante unha vez estea configurada a prantilla e sempre antes da incorporación do alumnado.

8.4 Sinalización

Como complemento á información facilitada, colocaranse carteis sobre:

- Medidas de prevención de incendios.
- Normas de evacuación.
- Puntos de reunión.
- Sinais de Alarma (3(cortos) – 1(largo)- 3 (cortos))

8.5 Programa de dotación e adecuación de medios materiais e recursos.

Medios	Datas de realización
Confección de planos	Novembro 2019
Incorporación de medios técnicos	
Confección de carteis.	Xaneiro 2020
Confección de planos <i>Vostede está aquí.</i>	Xaneiro 2020
Reunións informativas	Febreiro 2020
Selección do persoal que formará parte da Brigada de Emerxencias.	SETEMBRO 2023
Formación do persoal seleccionado.	SETEMBRO 2023
Colocación de carteis.	Xaneiro 2020
Colocación de planos <i>Vostede está aquí.</i>	Xaneiro 2020
Colocación de sinais previstos	Xaneiro – Febreiro 2020
Realización de simulacros.	Abril – Maio 2024

9.1 Programa de reciclaxe de formación e información.

Periodicamente terase que realizar unha reciclaxe da formación impartida inicialmente e da información que se facilitou aos traballadores.

Neste apartado establecerase o programa a seguir para a reciclaxe e estableceranse os criterios que o xustifiquen.

Débase realizar un curso de reciclaxe anualmente aos compoñentes da Brigada de Emerxencias, en especial da fase práctica, como as prácticas de RCP e de extinción de incendios.

Cando se renove ou se incorpore persoal á Brigada, impartiráselles a mesma formación que se deu inicialmente aos compoñentes da mesma.

Cada vez que se cambien as condicións das instalacións, os procedementos de traballo, incorpórense novas tecnoloxías, etc., haberá que realizar unha revisión do Plan de Emerxencia e, posiblemente, haberá que realizar unha reciclaxe dos compoñentes da Brigada.

O mantemento da formación e información realizarase:

- Cursos de reciclaxe : Nos primeiros días de setembro cada tres anos
- Cursos de novo persoal: Nos primeiros días de setembro antes da incorporación do alumnado.
- Recordatorio información ao persoal : No mes de outubro, unha vez comezada a xornada partida.

9.2 Programa de simulacros.

O simulacro é a comprobación de que o sistema de emerxencia deseñado é válido.

Os simulacros serven para:

- Detectar omisións nas condutas previstas no Plan.
- Adestrarse nas evacuacións.
- Medir os tempos de evacuación.
- Comprobar a localización dos medios de protección e o seu estado.
- Comprobar a rapidez de desposta das misións asignadas ás persoas.
- Comprobar a correcta posta dos equipos.
- Comprobar a sinalización

Na fase de preparación realizarase:

- Reunións da Dirección.
- Determinación das bases ou supostos do exercicio.
- Información aos usuarios, si establécese algunha norma ou o quere a Dirección do establecemento, pero sen avisar o día nin a hora.
- Determinación do día e hora do simulacro, tentando manter o factor sorpresa.
- Reunións con Axudas Exteriores, aínda que non participen no exercicio.

O desenvolvemento do simulacro terá as seguintes etapas:

- Localización dos Controladores nos lugares prefixados.
- Dar o sinal de ALARMA.
- Realizar a evacuación do establecemento.
- Os E.A.E. controlarán os tempos de evacuación da planta asignada ata o reconto no punto ou puntos de reunión.
- Ordenar o regreso ao establecemento.
- Avaliación do exercicio

Con posterioridade á realización do simulacro deberá existir unha reunión dos responsables de seguridade no establecemento, para avaliar todas as incidencias habidas no simulacro.

A realización dos exercicios terá lugar:

- Realización simulacro.....finais de abril ou maio do 2024

9.3 Programa de revisión e actualización de toda a documentación que forma parte do Plan de Emerxencia.

Débense establecer os criterios que orixinarán unha revisión do plan.

Poderán ser os seguintes:

- Cambio das condicións das instalacións.
- Cambio ou modificación dos procedementos de traballo.
- Incorporación de novas tecnoloxías.
- Cambio ou modificación do equipo directivo do establecemento.

- Cambio ou modificación dos membros da Brigada de Emerxencias
- Consecuencia da análise dos exercicios e simulacros que se efectuaron no establecemento.

ANEXOS

ANEXO I. DIRECTORIO DE COMUNICACIÓN.

1. TELÉFONOS DO PERSOAL DE EMERXENCIAS.

PARA CONTACTAR CO CENTRO	TELÉFONO
<i>TELÉFONO DO CENTRO</i>	<i>988 – 788 - 288</i>
<i>XEFE DE EMERXENCIAS (RUBÉN)</i>	<i>647– 758 - 738</i>

2. TELÉFONOS DE AXUDA EXTERIOR.

AXUDAS EXTERNAS DE EMERXENCIAS	TELÉFONO
EMERXENCIAS	112
EMERXENCIAS SANITARIAS	061
PROTECCIÓN CIVIL	988-270-054
PARQUE BOMBEIROS	080
GARDA CIVIL	062
POLICÍA NACIONAL	091
POLICÍA LOCAL	092
<i>CENTRO DE SAÚDE DE SAN AMARO</i>	<i>988 – 288 - 043</i>
<i>CENTRO DE SAÚDE O CARBALLIÑO</i>	<i>988 – 271 - 816</i>

ANEXO II. FORMULARIOS PARA A XESTIÓN DE EMERXENCIAS.

FORMULARIO PARA ASOLICITUDE DE AXUDA ANTE EMERXENCIAS

Determine os medios de axuda exterior que deben ser avisados (ver ficha de directorio de teléfonos de emergencia) habitualmente será o **112** (Anotar hora de chamada): _____

FALE ALTO E CLARO!

Transmita a seguinte mensaxe:

MENSAXE:

Son o Xefe de Emerxencia do CEIP Plurilingüe Eulogio Gómez Franqueira de San Amaro (Ourense). Acabamos de activar o plan de emerxencia e solicitamos axuda exterior: (Sinalar o que proceda)

- Incendio
- **Danos á saúde (se é exclusivamente así empregar formulario de solicitude de axuda sanitaria)**
- Ameaza de bomba ou detección dun paquete sospeitoso
- Ameazas de individuos e actos delituosos
- Outros (especificar)

INFORMACIÓN

O suceso afecta a (todo ou parte do centro), polo que vamos a proceder á evacuación/ confinamento.

O acceso ao centro é pola Rúa Piñeiral s/n estrada Ou - 0303, San Amaro. Estarei agardando identificado con un chaleco de emerxencia.

RESPOSTA

(Anotar a resposta):

FORMULARIO PARA ASOLICITUDE DE AXUDA SANITARIA

Determine os medios de axuda exterior que deben ser avisados en caso de que

única e exclusivamente se trate de danos para a saúde avisaremos ao **061**

(Anotar hora de chamada): _____

FALE ALTO E CLARO!

Transmita a seguinte mensaxe:

MENSAXE:

Son o Xefe de Emerxencia do do CEIP Plurilingüe Eulogio Gómez Franqueira de San Amaro (Ourense). Chamo para informar dun accidente que precisa atención sanitaria.

INFORMACIÓN

HABERÁ QUE INDICAR :

- Feridos _____ (indicar número)
- Gravidade: Leve

Grave Situación:

- | | | | | | |
|--------------------------|----------------------|--------------------------|------------------|--------------------------|-------------|
| <input type="checkbox"/> | Desmaio | <input type="checkbox"/> | Fractura | <input type="checkbox"/> | Queimaduras |
| <input type="checkbox"/> | Feridas/cortes | <input type="checkbox"/> | Politraumatismos | <input type="checkbox"/> | |
| <input type="checkbox"/> | Electrocución | <input type="checkbox"/> | Intoxicación | <input type="checkbox"/> | Asfixia |
| <input type="checkbox"/> | Outras (Especificar) | | | | |

O acceso ao centro é pola Rúa Rúa Piñeiral s/n estrada Ou – 0303, San Amaro. Estarei agardando identificado con un chaleco de emerxencia.

RESPOSTA

(Anotar a resposta):

ANEXO III. PLANOS.

A información recompilada plasmarase nos planos que se indican neste apartado.

Os planos confeccionaranse a escala conveniente, tentando utilizar formatos DIN A4, (210 x 297), ou DIN A3, (297 x 420).

Débense preparar os seguintes exemplares:


- Para o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamentos que corresponda ou para o Departamento de Protección Civil, segundo a organización municipal que se teña.
- Para a Dirección do establecemento.
- Para colocar á entrada principal do edificio nun armario ignífugo coa inscrición "USO EXCLUSIVO DE BOMBEIROS"

Conterán os seguintes datos:

- Plano de situación, comprendendo a contorna próxima urbano, industrial ou natural no que figuren os accesos peatonais e rodados, comunicacións, etc.
- Planos descritivos de todas as plantas dos edificios, das instalacións e das áreas onde se realiza a actividade.
- Planos de localización por plantas de todos os elementos e/ou instalacións de risco, tanto os propios como os da contorna.
- Planos de localización dos medios de emerxencia, conforme a normativa UNE.
- Planos de percorridos de evacuación e áreas de confinamento, reflectindo o número de persoas a evacuar ou confinar por áreas segundo os criterios fixados na normativa vixente.

Entorno Forestal

Entorno Forestal




55

Entorno Forestal

Entorno Forestal

Dirección San Amaro

Rúa Piñeiral s/n, estrada OU-0303




● Extintor

■ BIE

→ Ruta de evacuación

INSTALACIONES DE RISCO



PLANTA ALTA

- Extintor
- BIE
- ➔ RUTA DE EVACUACIÓN

A AULA MADRUGADORA

Dende maio do 2019 está a funcionar un servizo de atención temperá do alumnado promovida pola ANPA e que conta coa colaboración do Concello de San Amaro e do propio centro.

Sinalar que este servizo préstase todos os días lectivos de 7:30 a 9:15 da mañá permanecendo o alumnado no que era o antigo laboratorio (agora habilitado polo Concello para este novo servizo).

Esta aula está situado na planta baixa ao carón dunha das portas de saída en caso de evacuación (con sistema antipánico) e conta cun extintor.

A persoa ao cargo da aula, contratada pola ANPA, tamén recibirá a formación necesaria para actuar ante emerxencias así como a aplicación do plan de emerxencias ao igual que o resto do persoal do centro xa que é a única persoa adulta no centro ata a chegada do profesorado e o persoal non docente.

Coñecerá as listaxes de teléfonos de emerxencias e os protocolos a seguir e estará en contacto co Xefe de Emerxencias co que contactará ante calquera dúbida.

ACTIVIDADES DA ANPA

Dende o mes de outubro a ANPA a través dunha monitora ofrece dúas horas diarias de actividades para o alumnado.

A primeira hora é de actividades físicas no campo cuberto anexo ao centro, e a segunda hora é de actividades na Aula Madrugadora (pintura, manualidades, etc.)

Os/as responsables de levar a cabo estas actividades tamén se formarán para coñecer o Plan de Emerxencia, os protocolos a seguir, e para saber como actuar, a quen e chamar e onde acudir segundo sexa necesario. Estarán en contacto co Xefe de Emerxencias co que contactará ante calquera dúbida.

ANEXO V. PROPOSTAS DE MELLORA

Tras a realización deste Plan de Emerxencias obsérvanse unha serie de carencias graves a ter en consideración por parte da Administración Educativa, que debería de tomar as medidas correctoras necesarias. Estas carencias son dúas principalmente:

1.- Segundo o Regulamento 1942/93, os sistemas manuais de alarma de incendios están constituídos por un conxunto de poxadores e unha central de control e sinalización.

Debe ter dúas fontes de alimentación. A distancia a percorrer desde calquera punto até un poxador non superará os 25 metros.

O DB SI establece que deben contar con esta instalación os establecementos e zonas destinadas aos usos seguintes:

Uso previsto do edificio ou condicións do establecemento	
Residencial público	Si a superficie construída excede de 500 m ² .
Docente	Si a superficie construída excede de 1.000 m ² .

Segundo esta lexislación este centro de uso docente e de máis de 1000 m² construídos entre as dúas plantas, carece desta instalación obrigatoria por lei.

2.- O abastecemento de agua ao centro carece da presión mínima necesaria para o correcto funcionamento das BIE's (4 en total) polo que sería necesaria a instalación dun depósito e bombas necesarias para abastecer as) coa presión necesaria para o seu correcto funcionamento durante una hora, como mínimo, cunha presión dinámica mínima de 2 bar na lanza.